

24 de outubro_18:30h

O EMPALME. UNHA HISTORIA RURAL COLECTIVA

Este documental, dun marcado carácter intimista, realiza un percorrido pola historia dun dos barrios de Cabreiros, **o barrio do Empalme**. No contido deste traballo audiovisual pode contemplarse como era o xeito de vida de hai 50 anos dun barrio claramente rural. Entre os aspectos especialmente presentes encóntrase o desenvolvemento das actividades agrarias, as profesións de moitos dos seus veciños e veciñas e as actividades lúdicas comúns no seu vivir diario así como a súa íntima relación con vida laboral, a familia, a escola...

7 de novembro_18:30h

O LATEXO DO TEMPO HUMANO

Este documental aproxímanos á materialidade efémera das comunidades da Idade do Ferro, en concreto á cultura material feita en madeira. Este audiovisual nace a partir do estudo das pezas de madeira carbonizada do **Castro de Castromaior** (Portomarín, Lugo) realizado por **María Martín Seijo**, investigadora posdoutoral da Universidade de Santiago de Compostela. A visión aportada por **Lolo de Severiano** (Manuel Castro), **Tito Ledo** e **Lola Tourón** sobre as pezas arqueolóxicas, a madeira e o traballo artesán, é unha valiosa aportación á conservación do patrimonio inmaterial asociado ao traballo dos materiais vexetais, á cestería e á tornería, pero tamén unha vía de investigación sobre o patrimonio arqueolóxico.

21 de novembro_18:30h

O QUE ARDE_OLIVER LAXE

Ninguén espera a Amador cando sae da cárcere tras cumprir condena por provocar un incendio. Regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá a convivir, ao ritmo sosegado da natureza, coa súa nai, Benedicta, a súa cadela Luna e as súas tres vacas.

O aclamado filme en diversos festivais e Premio Goya, de **Oliver Laxe**, aborda o problema da desaparición do medio rural e pon **Os Ancares** no mapa da historia do cine.

5 de decembro_18:30h

O PAÍS DA MOURA

Documental etnográfico onde se aborda o mito galego da Moura. Dáse a coñecer dun xeito ameno, didáctico e dinámico parte da riqueza mitolóxica que atesoura Galicia e faise un percorrido por diferentes lugares do noso territorio vencellados a estes mitos. “O país da Moura” é unha viaxe a través dalgunha das xeografías míticas, naturais e arqueolóxicas máis fascinantes de Galicia e da voz de antropólogos expertos na temática e, sobre todo, das veciñas e veciños destas terras, auténticas depositarias deste valioso legado cultural.



A Invernada de cine 2020 un ano máis trata de voltar a debullar entre todos as múltiples alternativas que o audiovisual nos ofrece achegándonos o entretemento, aprendizaxe, mestura de ideas e aprendizaxe sin esquecer as opinións, reflexións e divertimento: Podemos pasar aquí en Cabreiros un inverno de cine.

19 de decembro_18:30h

A FRAGA DO MEU AVÓ_MAMÁ CABRA

A fraga do meu avó está chea de carballos que case tocan o ceo, castaños, bidueiros, loureiros, bieiteiros, abeleiras, e moitas árbores que sempre deron moitísimo máis que madeira. Agochados entre eles andan paxaros como a pega marza, a estreliña do norte, o paporrubio real e a curuxa. E percorrendo os seus camiños están a pintega, os esquíos, o xabaryl, o raposo... A fraga do meu avó é o máis recente traballo de Mamá Cabra que nace do **amor pola natureza** e do compromiso pola terra que coidaron os nosos avós e as nosas avoas. Un espectáculo musical novo co que cantar e bailar en familia descubrindo o novo traballo de Mamá Cabra.

Por mor da situación derivada da COVID-19 teremos aforo limitado.

Reserva a túa praza ata unha semana antes de cada unha das proxeccións **nos seguintes teléfonos:**

686 104 780

606 282 251

organiza:



AVV Cabreiros



colabora:



subvenciona:



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Concello de
Xermade

OUTUBRO- DECEMBRO 2020

CASA ESCOLA_CABREIROS

XERMADE

VIII INVERNADA DE

CINE



invernada de cine